

Resolución 5/2022 – Consello Galego de Economistas

En Pleno:

D. Ignacio López-Chaves Castro, Presidente.

D. Daniel Neira Barral, vogal/Secretario.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2022

A Comisión Galega da Competencia (CGC) coa composición arriba indicada e sendo relator D. Daniel Neira Barral, dita a presente Resolución en relación co expediente IR 22/2020, Consello Galego de Economistas, pola posible existencia de prácticas prohibidas pola Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia (en adiante, LDC).

EXPÓN

Primeiro.- De conformidade co artigo 38 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Comisión Galega da Competencia configúrase como órgano colexiado independente do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

Segundo.- A Comisión Galega da Competencia, como órgano colexiado independente, adscrito ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia, será a

encargada, de acordo coa norma reguladora do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, dos seus estatutos¹ e demais normativa, da aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

Terceiro.- Afecta ao Pleno da Comisión Galega da Competencia, artigo 33 dos referidos Estatutos, no relativo ás súas funcións, o seguinte:

“1. O Pleno da Comisión Galega da Competencia é o órgano colexiado de decisión en relación coas funcións da comisión en materia de competencia previstas no presente decreto.

2. En particular, o Pleno da Comisión Galega da Competencia é o órgano competente para:

b) Resolver, por proposta da Subdirección Xeral de Investigación, os procedementos sobre condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, de acordo coas previsións contidas no presente decreto, incluída a aplicación do sistema de clemencia dos artigos 65 e 66 da mesma lei e a súa normativa de desenvolvemento.

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- O día 16.12.2020 tivo entrada na Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia (CNMC), unha denuncia, identificada como 170-GAL-06-62/21 COLEGIOS DE ECONOMISTAS presentada por dous colexiados do Colexio de Economistas de Pontevedra, a título persoal, contra o CONSELLO GALEGO DE

1 Estatutos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC), aprobados polo Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

ECONOMISTAS (Consello Galego de Colexios de Economistas), por presuntas prácticas contrarias á Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia (LDC) e o Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE).

2º.- A denuncia diríxese contra o Consello Galego de Colexios de Economistas cuxo funcionamento réxese polo Decreto 60/2018, do 24 de maio, polo que se aproban os estatutos do Consello Galego de Colexios de Economistas.

No artigo 2 dos referidos estatutos se dispón a súa composición:

“O Consello Galego de Economistas está integrado polos colexios de Economistas da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.”

E nos artigos 5 e 6 as súas finalidades e funcións, respectivamente, do seguinte tenor:

“Artigo 5. Finalidades

O Consello Galego de Economistas terá as seguintes finalidades:

- a) *A coordinación dos colexios profesionais que o integren e a representación da profesión no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, naquelas cuestións de interese común ante as administracións públicas e, en xeral, ante calquera organismo, institución ou persoa, física ou xurídica, que sexa necesario para o cumprimento dos seus fins, sen prexuízo da autonomía e competencia de cada colexio, defendendo e protexendo os intereses profesionais dos economistas no ámbito territorial da súa competencia.*
- b) *As relacións coas institucións e as administracións públicas para facilitar a mutua colaboración para a mellor satisfacción dos intereses sociais e profesionais cuxa defensa teñen encomendada.*

- c) *Todas aquelas que, de acordo coa lei, os seus estatutos xerais e regulamentos se establezan.*

Artigo 6. Funcións

No ámbito territorial da súa competencia terá as seguintes funcións:

- a) *As atribuídas ao Consello Xeral de Economistas de España, pola Lei de colexios profesionais en canto teñan ámbito ou repercusión só no territorio da Comunidade Autónoma galega e cantas outras lle fosen encomendadas por virtude de disposicións xerais ou especiais, sempre que non interfiran na autonomía e nas competencias propias de cada colexio.*
- b) *Elaborar e aprobar os seus propios estatutos e emitir informe sobre os dos colexios que o integren.*
- c) *Coordinar as actuacións dos colexios que o integren.*²
- d) *Representar a profesión no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e ante o correspondente consello xeral, cando así se permita nas súas normas reguladoras.*
- e) *Formar e manter o censo dos economistas incorporados aos colexios de economistas de Galicia.*
- f) *Exercer as funcións disciplinarias respecto dos membros dos órganos de goberno dos colexios que o integran.*
- g) *Fomentar, crear e organizar institucións, servizos e actividades, con relación á profesión de economista que teñan por obxecto a formación e perfeccionamento profesional, a promoción cultural, a asistencia social e sanitaria, a previsión, a cooperación e o mutualismo, o fomento da ocupación e outras actuacións convenientes. Para tales fins, establecerá os concertos ou acordos máis oportunos coa Administración e as institucións ou entidades, públicas ou privadas, que correspondan.*
- h) *Convocar e celebrar congresos, xornadas, simposios e actos similares*

² Énfase engadido.

relacionados coa economía e co exercicio da economía na Comunidade Autónoma. Así mesmo, terá a función, compartida neste caso con todos ou con calquera dos colexios que integran o Consello, de convocar ou patrocinar outros actos científicos e culturais.

- i) Editar informes e traballos de carácter económico sobre Galicia e publicar as normas e disposicións de interese para os economistas de Galicia, así como dos proxectos de modificación da lexislación que lles resulte de interese para o exercicio da profesión.*
- j) A colaboración con poderes públicos na realización e pleno desenvolvemento dos dereitos da persoa e das institucións dentro do seu propio territorio, e na máis eficiente, xusta e equitativa protección, regulación e garantía dos dereitos e liberdades da persoa, especialmente dos economistas galegos.*
- k) Defender os dereitos dos colexios de economistas galegos, así como os dos seus colexiados, ante os organismos autonómicos galegos, cando sexa requirido polo colexio respectivo ou así estea legalmente establecido, e resolver os conflitos que puideren xurdir entre os colexios galegos, sen prexuízo de ulterior recurso contencioso-administrativo.*
- l) O exercicio e a xestión daquelas competencias públicas da Xunta de Galicia que lle sexan delegadas ou reciba dela e das facultades que lle poidan ser delegadas pola lexislación xeral do Estado ou por acordo de calquera outra Administración pública competente.*
- m) Designar representantes de economistas para participar, cando así estivese establecido, nos consellos e organismos consultivos das administracións públicas no ámbito de Galicia.*
- n) Coñecer e resolver os recursos que poidan interporse contra os acordos dos colexios de economistas de Galicia.*
- o) Elaborar e aprobar o orzamento de ingresos e gastos e contas anuais do Consello, así como o seu propio réxime económico.*
- p) Fixar equitativamente a cooperación dos colexios aos gastos do Consello, por achegas fixas, eventuais ou contribucións extraordinarias.*
- q) Establecer os ingresos propios que puider ter por dereitos e retribucións*

como consecuencia dos servizos e actividades que preste.

- r) *Realizar, no relativo ao patrimonio propio do Consello, toda clase de actos de administración, disposición e gravame.*
- s) *Emitir os ditames e informes que lle fosen solicitados ou suxeridos e, sobre todo, os que soliciten a Xunta de Galicia ou o Parlamento de Galicia sobre proxectos ou anteprojectos de disposicións de carácter xeral ou económico que afecten o exercicio da profesión de economista ou das profesións tituladas con carácter xeral.*
- t) *Adoptar acordos xerais e elaborar normas de desenvolvemento en materia de deontoloxía profesional, sen prexuízo da normativa recollida e aprobada polo Consello Xeral de Economistas de España.*
- u) *Calquera outra función similar ás contidas nas líneas anteriores non expresamente determinada nelas, así como aquelas que lle sexan transferidas ou delegadas polo Consello Xeral de Economistas de España.”*

3º.- En concreto, se denuncia ao CONSELLO GALEGO DE ECONOMISTAS, do que forman parte os catro colexios de economistas de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, pola imposición, tanto dunha cota, como doutros requisitos adicionais aos colexiados, tanto de Galicia como do resto de España, e aos profesionais homólogos dos demais países da Unión Europea (UE), para poder ser incluídos nas Quendas dos “TAP (Turnos de Actuaciones Profesionales)”, como peritos economistas, expertos independentes, mediadores civís e mercantís, e como administradores concursantes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

4º.- O día 10.01.2022, a Dirección de Competencia da CNMC trasladou a Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia (SUBDIC), copia da referida denuncia que se presentara nese organismo, asignándoa á Comisión Galega da Competencia, segundo os criterios de asignación previstos na Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de Coordinación de competencia entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia, identificándoa coa

referencia CNMC 170 GAL-06-62/21 COLEXIOS DE ECONOMISTAS.

5º.- Á vista dos feitos denunciados, a SUBDIC, ao abeiro do artigo 49.2 LDC, decidiu iniciar una información reservada, (IR), identificada como IR 22/2020, Consello Galego de Economistas.

6º.- No marco da referida información reservada IR 22/2020, Consello Galego de Economistas, a SUBDIC dirixiu o 23.02.2022, un primeiro requirimento ao Consello Galego de Economistas solicitando que achegase á Subdirección de Investigación (SUBDIC) a seguinte información e documentación:

- Copia autenticada dos acordos polos que se fixaron as condicións para a elaboración das quendas referidas na denuncia, así como da documentación e informes que abalaron, no seu caso, que fora ese Consello o que estableceu ditos requisitos e non os colexios individualmente, así como cada un dos requisitos fixados por ese Consello (importe das cotas, forma de pagamento polos colexiados de Galicia e os de fora de Galicia, así como os demais requisitos), identificando cada unha das quendas. Dado que os feitos denunciados se remontan a decembro de 2020, o solicitado deberá incluír calquera cambio experimentado dende 2020 ata a actualidade.
- Exposición documentada dos criterios e requisitos que estaban vixentes con anterioridade ao que se refiren os denunciados.

7º.- O día 15.03.2022, tras solicitar e serlle concedida una ampliación do prazo inicial, o Consello Galego de Economistas deu cumprimento ao que se lle requiriu.

8º.- O día 21.03.2022 requiriuse aos denunciados, ao obxecto de que remitirán a SUBDIC:



- Ratificación nos feitos denunciados ante este organismo e ante a CNMC, así como a súa evolución ata a actualidade, tanto no que afecta ao efectivo cobro de cotas por parte dos colexios de economistas de Galicia e o Consello aos potenciais solicitantes de acceso ás listas que deben elaborar os colexios aos colexiados nos colexios de Galicia, do resto de España e dos Estados membros da Unión Europea, así como respecto dos demais requisitos esixidos.
- A documentación que permita constatar a veracidade do manifestado no punto anterior“

9º.- O día 04.04.2022, os denunciados responderon ao requirimento da SUBDIC, ratificándose na súa denuncia.

10º.- O día 22.04.2022 remítese a este Pleno por parte da Subdirección de Investigación (SUBDIC) proposta de arquivo das actuacións de información reservada desenvoltas, identificadas como IR 22/2020, Consello Galego de Economistas e a non incoación de expediente sancionador polos feitos denunciados por dous colexiados do Colexio de Economistas de Pontevedra, a título persoal, ao non apreciar indicios de práctica prohibida polos artigos 1, 2 e 3 LDC, respecto das actuacións desenvolvidas polo Consello Galego de Colexios de Economistas e os catro colexios que o integran (os colexios de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra) nas condicións fixadas para establecer o procedemento e requisitos para o acceso ás listas ou quendas dos “Turnos de Actuación profesional (TAP)“.

Son interesados no procedemento:

- Comisión Nacional De los Mercados y la Competencia (CNMC)
- Consello Galego de Colexios de Economistas



- Colexio de Economistas de A Coruña
- Colexio de Economistas de Lugo
- Colexio de Economistas de Ourense
- Colexio de Economistas de Pontevedra
- *****
- *****

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: COMPETENCIA

1º.- Con carácter preliminar é preciso destacar que conforme ao artigo 26.1 do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos, a Comisión Galega da Competencia, como órgano colexiado independente, adscrito ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia, é a encargada, da aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia. E así,

- O artigo 1 LDC establece que *"prohíbese todo acordo, decisión ou recomendación colectiva, ou práctica concertada ou conscientemente paralela, que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia en todo ou parte do mercado nacional..."*

- O artigo 2 LDC, abuso de posición dominante, establece que *1. Queda prohibida a explotación abusiva por unha ou varias empresas da súa posición de dominio en todo ou en parte do mercado nacional.*
- No artigo 3 LDC se reflicte o falseamento da libre competencia por actos desleais. *A Comisión Nacional da Competencia ou os órganos competentes das comunidades autónomas coñecerán, nos termos que esta lei establece para as condutas prohibidas, dos actos de competencia desleal que por falsear a libre competencia afecten o interese público.*

2º.- Pola súa banda, o artigo 5 LDC establece que *“as prohibicións recollidas nos artigos 1 a 3 da presente Lei non se aplicarán a aquelas condutas que, pola súa escasa importancia, non sexan capaces de afectar de maneira significativa á competencia...”*

SEGUNDO: OBXECTO DA RESOLUCIÓN

1º.- A denuncia prodúcese pola elaboración de listas ou quendas por parte de colexios profesionais, neste caso en relación aos colexios de economistas de Galicia, que dispoñen así mesmo, dun Consello Galego de Colexios de Economistas.

O mercado afectado non é toda a actividade destes colexios, senón só a que corresponde coas funcións que os mesmos desenvolven, coa colaboración do citado Consello, co obxecto de facilitar aos órganos xudiciais e outros organismos públicos as listas ou quendas para que no marco da normativa que sexa de aplicación, poidan seleccionar aos peritos ou outros cargos relacionados co eido da competencia, propio das profesións que se inclúen no ámbito de aplicación dos referidos colexios.

2º.- Desde unha perspectiva substantiva, a norma potencialmente infrinxida

obxecto da análise é o artigo 1 LDC que regula as “condutas colusorias”, nos seguintes termos e condicións:

“1. Prohíbese todo acordo, decisión ou recomendación colectiva, ou práctica concertada ou conscientemente paralela, que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia en todo ou parte do mercado nacional e, en particular, os que consistan en:

a) A fixación, de forma directa ou indirecta, de prezos ou doutras condicións comerciais ou de servizo.

b) A limitación ou o control da produción, a distribución, o desenvolvemento técnico ou os investimentos.

c) A repartición do mercado ou das fontes de aprovisionamento.

d) A aplicación, nas relacións comerciais ou de servizo, de condicións desiguais para prestacións equivalentes que coloquen uns competidores en situación desvantaxosa fronte a outros.

e) A subordinación da celebración de contratos á aceptación de prestacións suplementarias que, pola súa natureza ou segundo os usos de comercio, non garden relación co obxecto de tales contratos.

2. Son nulos de pleno dereito os acordos, decisións e recomendacións que, estando prohibidos en virtude do disposto no punto 1, non estean amparados polas exencións previstas nesta lei.

3. A prohibición do punto 1 non se lles aplicará aos acordos, decisións, recomendacións e prácticas que contribúan a mellorar a produción ou a comercialización e distribución de bens e servizos ou a promover o progreso técnico ou económico, sen que sexa necesaria decisión previa ningunha para

tal efecto, sempre que:

a) Lles permitan aos consumidores ou aos usuarios participar de forma equitativa das súas vantaxes.

b) Non lles impoñan ás empresas interesadas restricións que non sexan indispensables para a consecución daqueles obxectivos, e

c) Non lles consintan ás empresas partícipes a posibilidade de eliminar a competencia respecto dunha parte substancial dos produtos ou servizos previstos.

4. A prohibición do punto 1 non se lles aplicará aos acordos, decisións ou recomendacións colectivas, ou prácticas concertadas ou conscientemente paralelas que cumpran as disposicións establecidas nos regulamentos comunitarios relativos á aplicación do punto 3 do artigo 81 do Tratado CE a determinadas categorías de acordos, decisións de asociacións de empresa e prácticas concertadas, incluso cando as correspondentes condutas non poidan afectar o comercio entre os Estados membros da UE.

5. Así mesmo, o Goberno poderá declarar mediante real decreto a aplicación do punto 3 deste artigo a determinadas categorías de condutas, logo de informe do Consello de Defensa da Competencia e da Comisión Nacional da Competencia."

3º.- O artigo 2 LDC cando recolle a prohibición do abuso de posición de dominio:

"Artigo 2. Abuso de posición dominante.

1. Queda prohibida a explotación abusiva por unha ou varias empresas da súa posición

de dominio en todo ou en parte do mercado nacional.

2. O abuso poderá consistir, en particular, en:

- a) A imposición, de forma directa ou indirecta, de prezos ou doutras condicións comerciais ou de servizos non equitativos.*
- b) A limitación da produción, a distribución ou o desenvolvemento técnico en prexuízo inxustificado das empresas ou dos consumidores.*
- c) A negativa inxustificada a satisfacer as demandas de compra de produtos ou de prestación de servizos.*
- d) A aplicación, nas relacións comerciais ou de servizos, de condicións desiguais para prestacións equivalentes, que coloque uns competidores en situación desvantaxosa fronte a outros.*
- e) A subordinación da celebración de contratos á aceptación de prestacións suplementarias que, pola súa natureza ou segundo os usos de comercio, non garden relación co obxecto dos ditos contratos.*

3. A prohibición prevista neste artigo aplicarase nos casos en que a posición de dominio no mercado dunha ou varias empresas fose establecida por disposición legal.”

En relación co artigo 2, tráese a colación a Sentenza del TXUE de 17 de febreiro de 2011 (asunto C-52/09 Telia Sonera), sinalou que:

‘En efecto, a explotación abusiva dunha posición dominante prohibida pola devandita disposición é un concepto obxectivo que ten por obxecto os comportamentos dunha empresa en posición dominante que, nun mercado onde a competencia xa está

debilitada, precisamente pola presenza da empresa en cuestión, teñen por efecto impedir, por medios distintos dos que rexen unha normal competencia entre produtos ou servizos sobre a base das prestacións dos axentes económicos, o mantemento do grado de competencia que aínda existe no mercado ou o su desenvolvemento (sentencia Deutsche Telekom/Comisión)."

4º.- **E o artigo 3 recollido na LDC**, que prohíbe asemade, a diferenza do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE) o falseamento da libre competencia por actos desleais.

"Artigo 3. Falseamento da libre competencia por actos desleais.

A Comisión Nacional da Competencia ou os órganos competentes das comunidades autónomas coñecerán, nos termos que esta lei establece para as condutas prohibidas, dos actos de competencia desleal que por falsear a libre competencia afecten o interese público."

O espírito do referido precepto e mesmo o seu tenor literal é claramente restritivo pois limita a súa posible aplicación polas autoridades de competencia non a calquera práctica desleal senón só a algunhas delas, cualificadas pola súa incidencia no funcionamento competitivo dos mercados desde a perspectiva da defensa da competencia, xa que a lóxica do sistema español atribúe inicialmente o axuizamento das prácticas desleais aos xuíces e tribunais ordinarios.

Neste punto é preciso subliñar que é doutrina consolidada en sede de defensa da competencia é que para que se puidera sancionar pola LDC as posibles condutas desleais fan falta dúas condicións que deben ser adecuadamente acreditadas:

- primeira, que a conduta poida producir unha xenuína distorsión nas condicións de competencia no mercado de maneira que afecte significativamente ao interese público; e

- segunda, que resulte acreditada unha conduta que poida reputarse un ilícito desleal³.

Elo supón, en definitiva, que para poder aplicar o artigo 3 LDC tense que producir un acto de competencia desleal prohibido pola LDC ou por outras normas do Dereito ou incluso, como indicou o Tribunal de Defensa da Competencia (TDC), do 8 de xullo de 1992 Expediente n.º R 294/91 – Aceites I, pola infracción do artigo 7.2 do Código Civil que prescribe o abuso de dereito e o seu exercicio antisocial:

“...ese acto de competencia desleal debe ter, ademais, unhas consecuencias suficientemente graves no mercado como para afectar ao interese público, entendido como a lesión da competencia no mercado, non só entre competidores; só nestes caso quedan lexitimada a intervención das autoridades de defensa da competencia.”

5º.- Neste sentido tense pronunciado tamén as autoridades de competencia. En concreto a Resolución do xa desaparecido Tribunal de Defensa da Competencia (TDC), do 6 de febreiro de 1995 (Exp. n.º R 104/94 - Roca Radiadores, SA) e a resolución tamén do TDC, do 17 de febreiro do 2000, no Exp. n.º R 405/99 - Caja España) e máis recentemente diversos pronunciamentos da propia CNMC, que afirmou, apoiándose na xurisprudencia do Tribunal Supremo a este respecto, na súa Resolución no Expediente SAMAD/02/2015. CICLOS FORMATIVOS II, do 26 de febreiro de 2015, o seguinte:

“[...], unicamente os actos desleais capaces de distorcer o normal funcionamento da libre competencia con afectación ao interese público supoñen unha infracción da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa da Competencia. En consecuencia, unicamente nesa clase de condutas desleais ten competencia a CNMC.”

O Tribunal Supremo (STS de 20 de xuño de 2006, Recurso de Casación N.º

³ Neste senso as Resolúcións do Consello Galego da Competencia de 27 de setembro de 2011 Expte. S 1/2011 Clínica Dental Vigo e de 18 de decembro de 2012 no Expte. R 6/2012 Gas envasado de Pontevedra.

9174/2003, Fundamento de Dereito Décimo, énfase engadido):

« [...] É importante subliñar, pois, que a eventual actuación dos organismos administrativos encargados de preservar a libre competencia só resultará pertinente se as condutas desleais dos empresarios, ademais de selo [...] distorcen gravemente as condicións de competencia no mercado con prexuízo para o interese público.»

6º.- O interese público, determinante da intervención nesas prácticas do CGC, non pode apreciarse cando só concorre, como neste suposto, os intereses privados dos operadores e non existe ningún servizo público afectado nin tampouco concesións administrativas que outorguen dereitos exclusivos aos titulares, nin elementos de contratación pública, nin un mercado que se atopa nun momento de liberalización, nin afecta os intereses xerais de orde económico, nin, en definitiva, actuación algunha que afecte á institución da libre competencia .

7º.- En virtude do disposto no artigo 53 da Lei 15/2007, do 3 de novembro de defensa da competencia, a Subdirección de Investigación remitiu ao Pleno da Comisión Galega da Competencia a proposta de arquivo das actuacións sen incoación do procedemento sancionador do expediente tramitado como información reservada IR 22/2020, Consello Galego de Economistas e que se elevou ao Pleno aos efectos previstos no disposto no artigo 49.3 LDC, coas seguintes consideracións:

7.1.- Entre as funcións de colaboración coas Administracións Públicas atribuídas aos colexios profesionais e, máis concretamente aos colexios de economistas, atópanse a elaboración de listas de peritos para os tribunais e outros organismos oficiais.

Así o artigo 341 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Xuizamento civil dispón, no que atinxe ao procedemento para o nomeamento xudicial de peritos, dispón o seguinte:

“Artigo 341. Procedemento para o nomeamento xudicial de perito.

1. No mes de xaneiro de cada ano, os distintos Colexios profesionais ou, no seu defecto, entidades análogas, así como as Academias e institucións culturais e científicas a que se refire o apartado segundo do artigo anterior, estarán interesados en enviar unha lista de membros ou asociados dispostos a actuar como expertos. A primeira designación de cada lista farase mediante sorteo en presenza do letrado da Administración de Xustiza, e a partir deste faranse por orde correlativa as seguintes designacións.

2. Cando se deba nomear perito a unha persoa sen título oficial, práctico ou coñecedor da materia, previa citación das partes, o nomeamento farase polo procedemento establecido no apartado anterior, utilizando para iso unha relación de persoas que cada ano solicitarán sindicatos, asociacións e entidades correspondentes, e que deberá estar formada polo menos por cinco desas persoas. Se pola singularidade do suxeito do ditame só se dispón do nome dunha persoa coñecedora ou práctica, obterase o seu consentimento das partes e só se todas elas o concedesen, designarase perito esa persoa.”

7.2.- Do mesmo xeito, o Real Decreto 980/2013, do 13 de decembro, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís prevé os requisitos para o acceso ao correspondente rexistro dos mediadores do concurso.

7.3. - Pola súa banda, o artigo 27 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, vixente de xeito transitorio no momento da denuncia conforme ao previsto pola Disposición transitoria única “Réxime transitorio”, do Real decreto legislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal, pola

que se adoptan medidas urxentes en materia de reestruturación de débeda empresarial dispón:

"1. A administración concursal estará integrada por un único membro, que deberá reunir algunha das seguintes condicións:

1.º Ser avogado en exercicio con cinco anos de experiencia profesional efectiva no exercicio da avogacía, que houbera acreditado formación especializada en Dereito Concursal.

2.º Ser economista, titulado mercantil ou auditor de contas con cinco anos de experiencia profesional, con especialización demostrable no ámbito concursal.

Tamén poderá designarse a unha persoa xurídica na que se integre, a lo menos, un avogado en exercicio e un economista, titulado mercantil ou auditor de contas, e que garanta a debida independencia e dedicación no desenvolvemento das funcións de administración concursal.

2. Como excepción ao disposto no apartado 1:

1.º En caso de concurso dunha entidade emisora de valores ou instrumentos derivados que se negocien nun mercado secundario oficial, dunha entidade encargada de rexer a negociación, compensación ou liquidación deses valores ou instrumentos, ou dunha empresa de servizos de investimento, será nomeado administrador concursal un membro do persoal técnico da Comisión Nacional del Mercado de Valores ou outra persoa proposta por esta coa cualificación do número 2.º do apartado anterior, a cuxo efecto a Comisión Nacional del Mercado de Valores comunicará ao xuíz a identidade daquela.

2.º En caso de concurso dunha entidade de crédito ou dunha entidade aseguradora, o xuíz nomeará ao administrador concursal de entre os propostos respectivamente polo Fondo de Garantía de Depósitos y el Consorcio de Compensación de Seguros.

3.º En caso de concursos ordinarios de especial transcendencia o xuíz nomeará, ademais do administrador concursal previsto no apartado 1 deste artigo, a un administrador concursal acredor titular de créditos ordinarios ou con privilexio xeral non garantido de entre os que figuren no primeiro terzo de maior importe.

Para estes efectos, cando o conxunto das débedas cos traballadores polos créditos sinalados no parágrafo anterior estivese incluída no primeiro terzo de maior importe, o xuíz poderá nomear como administrador acredor á representación legal dos traballadores, se a houbera, que deberá designar un profesional que reúna a condición de economista, titulado mercantil, auditor de contas ou avogado, quedando sometido ao mesmo réxime de incapacidades, incompatibilidades, prohibicións, remuneración y responsabilidade que os demais membros da administración concursal.

O primeiro administrador concursal designado será o que ostente a representación da administración concursal fronte a terceiros nos termos previstos nesta lei para os supostos de administración concursal única.

Cando o acredor designado sexa unha Administración pública ou unha entidade de Dereito Público vinculada ou dependente dela, a designación do profesional poderá recaer en calquera empregado público con titulación universitaria, de graduado ou licenciado en ámbitos pertencentes ás ciencias xurídicas ou económicas, e o seu réxime de responsabilidade será o específico da lexislación administrativa.

3. Nos decanatos dos xulgados competentes existirá unha lista integrada polos profesionais e as persoas xurídicas que puxesen de manifesto a súa dispoñibilidade para o desempeño de tal función, a súa formación en materia concursal e, en todo caso, o seu compromiso de continuidade na formación nesta materia.

Para ese efecto, o Rexistro Oficial de Auditores de Contas e os correspondentes colexios profesionais presentarán, no mes de decembro de cada ano, para a súa

utilización desde o primeiro día do ano seguinte, as respectivas listaxes de persoas dispoñibles, incluídas as persoas xurídicas. Os profesionais cuxa colexiación non resulte obrigatoria poderán solicitar, de forma gratuíta, a súa inclusión na lista nese mesmo período xustificando documentalmente a formación recibida e a dispoñibilidade para ser designados. Igualmente, as persoas xurídicas recollidas no inciso final do apartado 1 deste artigo poderán solicitar a súa inclusión, apuntando os profesionais que as integran e, salvo que xa figurasen nas listas, a súa formación e dispoñibilidade.

As persoas implicadas poderán solicitar a inclusión na lista da súa experiencia como administradores concursais ou auxiliares delegados noutros concursos, así como doutros coñecementos ou formación especiais que poidan ser relevantes para os efectos da súa función.

4. Os administradores concursais profesionais nomearanse polo xuíz procurando unha distribución equitativa de designacións entre os incluídos nas listas que existan.

Con todo, o xuíz:

1.º Poderá, apreciándoo razoadamente, designar a uns concretos administradores concursais cando o previsible desenvolvemento do proceso esixa unha experiencia ou uns coñecementos ou formación especiais, como os vinculados a asegurar a continuidade da actividade empresarial ou que se poidan deducir da complexidade do concurso.

2.º Para concursos ordinarios deberá designar a quen acredite a súa participación como administradores ou auxiliares delegados noutros concursos ordinarios ou, polo menos, tres concursos abreviados, salvo que o xuíz considere, de maneira motivada, idónea a formación e experiencia dos que designe en atención ás características concretas do concurso.



4. *En supostos de concursos conexos, o xuíz competente para a tramitación destes poderá nomear, na medida en que iso resulte posible, unha administración concursal única designando auxiliares delegados.*

En caso de acumulación de concursos xa declarados, o nomeamento poderá recaer nunha das administracións concursais xa existentes.

5. *Calquera interesado poderá expor ao Decanato as queixas sobre o funcionamento ou requisitos da lista oficial ou outras cuestións ou irregularidades das persoas rexistradas con carácter previo ao seu nomeamento, #de acordo con o previsto no artigo 168 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial”.*

7.4.- No presente caso, os denunciantes apuntan como potenciais actos contrarios á lexislación de competencias os seguintes feitos que describen do xeito seguinte:

“Primeiro. - O 30 de novembro de 2020, o Colexio de Economistas de Pontevedra circulariza entre os seus membros as instrucións e formularios para solicitar a inscrición nas Listas dos TAP dos catro Colexios de Economistas de Galicia. Pois ben, no devandito formulario insírese a seguinte Nota:

Gastos de xestión

A inclusión nas listas conleva uns gastos de xestión por importe de 25 euros* (pago único anual), que serán repercutidos polo Consello Galego de Economistas.

No caso dos colexiados pertencentes aos Colexios que integran o Consello (A Coruña, Lugo, Ourense y Pontevedra), son os propios Colexios os que asumen o devandito importe ante o Consello Galego.

A contía a aboar é de 25€ máis IVA (21%) en concepto de gastos de xestión. A



transferencia debe realizarse á conta do Consello Galego de Economistas (...)

Segundo. - Ademais da citada cota, establecen outros requisitos adicionais aos establecidos na legalidade vixente:

- a) Ser exerciente por conta propia e non, por tanto, exerciente por conta allea;
- b) Acreditación da formación cursada desde o ano anterior para as Listas de Peritos de 12 horas anuais;
- c) Figurar inscrito no REC (Rexistro de Expertos Contables Acreditados) do Consello Xeral de Economistas para as Listas de Expertos Independentes;
- d) 20 horas de formación, delas 16 en materia concursal, para os administradores concursales, ou
- e) *Cumprimento nos tres últimos anos dalgún do seguintes tres requisitos: 60 horas de formación especializada, intervir nun concurso ou colaborar en 3 procedementos concursais.*

Con todo, no caso concreto dos administradores concursais, tales listas son competencia dos Sr. Xuíces Decanos, e non dos Colexios Profesionais que só están obrigados a facilitar as Listaxes dos seus colexiados e non dos doutros Colexios, de tal forma que o economista, titular mercantil ou auditor de contas, con máis de 5 anos de experiencia profesional e especialización no ámbito concursal, pode solicitar libremente, nos Xulgados Decanos, ser incluído en tales Listas, sen custo algún, xunto coa documentación acreditativa da súa formación específica en materia concursal e manifestación da dispoñibilidade para actuar como administrador concursal (art. 27. I e 27.3 da Lei Concursal). Dito doutra maneira,

impóñense requisitos a 10 legais e, en particular, para unhas Listas que non son competencia dos Colexios, e menos do Consello, senón, como se dixo, dos Xulgados Decanos.

Tampouco se di, senón que se oculta, se a formación legalmente esixible pódese adquirir noutras institucións e entidades (Universidades, Consultorías ou noutras entidades de formación) distintas aos propios Colexios, tendo en conta que os Colexios profesionais, como se subliñou, constitúen asociacións de empresas, segundo doutrina do Tribunal de Xustiza da UE.

(...)

8º.- Como indica a SUBDIC na proposta elevada o Pleno, de acordo coa información aportada desde o Colexio Galego de Economistas, os requisitos para a inscrición voluntaria nos TAP dos catro colexio de Economistas de Galicia desde 2021 son os que se reproducen no cadro reproducido na proposta, no que non aparece cota algunha de contido económico.

9º.- Non resulta acreditado que exista, alo menos desde 2021 esixencia de pagamento de cota algunha, algo que existiu con anterioridade nun só dos colexios, concretamente o de Pontevedra.

Neste punto é necesario precisar que a eventual fixación dalgunha cota para acceder ás listas unicamente sería contraria á competencia se fora discriminatoria respecto dalgún dos potenciais solicitantes ou fora desproporcionada, isto é, non respondera ao custo efectivo que supuxera a xestión das citadas listas, pois en tal caso poderíase como unha barreira de entrada como o debera ser, tamén no seu caso, a esixencia de dispor de oficina aberta na demarcación de referencia.

10º.- A xuízo da SUBDIC, procede sinalar de xeito expreso que o acordo polo que se fixan as condicións de acceso ás listas e se suprime calquera pagamento, permitindo que unha mesma solicitude permita incorporarse a todas elas non infrinxe o artigo 1 LDC pois non ten por obxecto nin efecto impedir, restrinxir ou falsear a competencia, pode reputarse abusivo, nos termos do artigo 2 LDC, nin

supón acto desleal algún que falsee a competencia afectando ao interese público, como esixe o artigo 3 LDC, polo que considera procedente propor ao Pleno o arquivo das actuacións desenvolvidas como información reservada identificada como IR 22/2020, Consello Galego de Economistas, e a non incoación de expediente sancionador o non apreciar indicios de conduta prohibida polos artigos 1, 2 ou 3 LDC, conforme ao artigo 39.3 da citada norma.

11º.- A valoración deste Pleno debe resolverse sobre a base da instrución realizada, e se as prácticas investigadas e realizadas polo Consello Galego de Economistas son constitutivas de infracción e vulneración da LDC.

12º.- Os colexios profesionais, tal como dispón o artigo 2 da LCP, están suxeitos, en canto á oferta de servizos e fixación da súa remuneración, á LDC.

O artigo 1.1 da LDC prohibe, entre outras condutas, as decisións colectivas que teñen por obxecto, producen ou poden producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia e, en particular, os que consistan na fixación de forma, directa ou indirecta, de prezos.

As cotas de ingreso fixadas polos Colexios Profesionais poden ser consideradas restritivas da competencia cando obstaculizan ou poden obstaculizar a entrada de novos colexiados ou a de competidores pertencentes a outros colexios territoriais.

Por iso, estas decisións deben estar sempre fundadas en consideracións obxectivas de custo real. Sobre esta cuestión, o Tribunal Supremo sinalou que unha cota de inscrición colexial poderá ter encaixe na infracción prevista no artigo 1 de la LDC cando *"contemplase unha serie de trámites formais que cabe considerar inxustificadas, xa que deprecian o carácter constitutivo da inscrición (...) ao exixirse inxustificadamente o aboamento dunha cantidade en concepto de cota de inscrición colexial que revélase excesiva e desproporcionada respecto dos custos asociados á tramitación da inscrición"*.

12.- Tendo en conta os precedentes existentes na CNMC como noutras Autoridades autonómicas de competencia⁴, e confrontando os feitos denunciados coa información aportada polo Consello Galego de Economistas, centrando a cuestión esencial da denuncia na presunta existencia dun trato discriminatorio e, polo tanto, contrario á competencia, da fixación dos requisitos de acceso e fixación dunha cota económica que privilexaría aos colexiados galegos fronte aos do resto de España e da Unión Europea que tiveran o desexo de apuntarse nas TAP que os colexios de economistas galegos remiten anualmente aos decanatos dos órganos xudiciais e a outros organismos públicos ao obxecto de que polos mesmos se proceda á designación dos peritos correspondentes tal e como prevén as diversas normativas aplicables non procede a incoación dun expediente sancionador polos feitos investigados ao non apreciarse indicio algún de infracción dos artigos 1, 2 e/ou 3 LDC e, en concreto, do artigo 3, falseamento da libre competencia por actos desleais capaces de distorcer o normal funcionamento da libre competencia con afectación o interese público que supón una infracción de la Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa de la Competencia, polo que o Pleno da Comisión Galega da Competencia,

RESOLVE

Primeiro.- O artigo 49.2 LDC prevé que ante a noticia da posible existencia dunha infracción da lexislación de competencia, a Subdirección de Investigación da CGC poda realizar unha información reservada, co fin de determinar con carácter preliminar se concorren as circunstancias que xustifiquen a incoación dun expediente sancionador, conforme ao procedemento establecido na Lei de Defensa da Competencia.

4 Resolución da CNMC, do 7 de setembro de 2017, no Exp. R/AJ/045/17, JFTC LISTADOS COLEXIO ECONOMISTAS; Resolución do Tribunal Catalán de Defensa da Competencia, do 29 de xullo de 2009, no Exp. 12/2010, Colexio de Economistas de Barcelona; la Resolución de 19 de xullo de 2011, do xa extinto Tribunal de Defensa da Competencia da Comunidade de Madrid, no Expediente 05/2010, Colegio de Economistas de Madrid, ou as Resolucions do Consello de Defensa da Competencia de Andalucía, do 13 de outubro de 2016, no Exp. S/13/2016, Colexio de Economistas de Sevilla e do ,17 de outubro de 2018. no Exp. S709/2018, Colexio de Economistas de Huelva



Segundo. - Verificada, no seu caso, a información reservada, o artigo 49.3 LDC prevé que o Pleno, tras recibir a correspondente proposta da Subdirección Xeral de Investigación, poderá acordar a non incoación dos procedementos derivados da presunta realización das condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 LDC e acordar o arquivo das actuacións cando considere que non existen indicios de infracción da lexislación de competencia.

Terceiro.- Con base o anterior dito, este Pleno acorda archivar o procedemento recollido no expediente IR 22/2020, Consello Galego de Economistas.

Cuarto.- Comuníquesele esta resolución á Subdirección de Investigación e aos interesados no expediente, facéndolles saber que a mesma pon fin á vía administrativa e que poden interpor contra ela recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar dende a notificación.

